

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL CAMPO LAMEIRO

Ordenanzas e Regulamentos

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE LOCAIS NO SOBRINO BUHIGAS E EDIFICIOS DE A CHANCIÑA

ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA APROBACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE LOCAIS NO SOBRINO BUHIGAS E EDIFICIOS DE A CHANCIÑA.

Expediente: Imposición ea APROBACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE LOCAIS NO SOBRINO BUHIGAS E EDIFICIOS DE A CHANCIÑA.

Trámite: Anuncio de elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial.

O Pleno do Concello, na súa sesión do 30-10-2015 aprobou inicialmente a imposición ea APROBACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE LOCAIS NO SOBRINO BUHIGAS E EDIFICIOS DE A CHANCIÑA.

Non se presentaron alegacións durante o prazo conferido ao efecto (BOP nº 228, de 25-11-2015), polo que se entende elevado a definitivo o acordo de aprobación ata agora inicial, de conformidade co sinalado no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) e permanecerá en dita situación ate tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE LOCAIS NO EDIFICIO SOBRINO BUHIGAS Y EDIFICIOS DE A CHANCIÑA

Visto que por os seguintes motivos e consideracións: demanda de locais de titularidade municipal por parte de particulares e demais entidades para actividades con animo de lucro, resulta necesario proceder á regulación da ordenanza Municipal que regula a taxa por A UTILIZACIÓN DE LOCAIS NO EDIFICIO SOBRINO BUHIGAS E EDIFICIOS DE A CHANCIÑA.



Visto o informe de Secretaría- intervención en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto o Informe de Secretaría, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno a proposta da Comisión Informativa de Contas e Patrimonio, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a imposición da taxa por A UTILIZACIÓN DE LOCAIS NO EDIFICIO SOBRINO BUHIGAS E EDIFICIOS DE A CHANCIÑA e a Ordenanza fiscal reguladora da mesma, nos termos que figura no expediente, e coa redacción que se recolle de seguido:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE LOCAIS NO EDIFICIO SOBRINO BUHIGAS E A CHANCIÑA

ARTÍCULO 1. Fundamento e Natureza

En uso das facultades contidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución, polo artigo 106 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cós artigos 15 a 19 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización de locais no edificio Centro cultural Sobrino Buhigas e edificios de A Chanciña, que estará ao establecido na presente Ordenanza Fiscal cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 del Real Decreto Legislativo 2/2004.

ARTIGO 2. Feito Impoñible

Constitúe o feito imoñible desta taxa, o uso e aproveitamento dos locais do edificio Sobrino Buhigas así como de A Chanciña, para actividades con ánimo de lucro.

Non constitúen feito imoñible da taxa, y polo tanto non se encontran suxeitos á mesma, os usos e aproveitamentos de estes locais para actividades sen ánimo de lucro, ou as realizadas por Asociacións ou entidades sociais que radiquen no Concello de Campo Lameiro e que carezan de ánimo de lucro.

As Comunidades de Montes en Man Común poden solicitar de forma puntual o uso de locais para actos organizados por elas. A autorización é única e exclusivamente para a actividade para a que se solicita o uso do local, e non lle será esixible o pago de taxa algunha.

ARTIGO 3. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como las Entidades a que se refire o artigo 35.4 de la Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten os locais no edificio Sobrino Buhigas e locais de A Chanciña para calquera actividade con ánimo de lucro, que deberá contar coa correspondente autorización do Concello.



Con relación a la responsabilidade solidaria y subsidiaria da débeda tributaria, se estará ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. Cota Tributaria

a contía da taxa regulada en esta ordenanza será a seguinte:

TIPO A: COSTE MENSUAL:

**** EDIFICIO SOBRINO BUHIGAS**

- 200 euros/mes, por utilización de locais durante máis de 30 horas/mes.
- 100 euros/mes, por utilización de locais ata un máximo de 30 horas/mes.

**** LOCALES DE A CHANCIÑA**

- 100 euros/mes, por utilización de locais durante máis de 30 horas/mes.
- 50 euros/mes, por utilización de locais ata un máximo de 30 horas/mes.

TIPO B: COSTE DIARIO.

- 10 euros/día por local.

ARTIGO 5. Devengo

A taxa se devengará cando se inicie o uso, disfrute ou aproveitamento do local para a actividade con ánimo de lucro.

ARTÍCULO 6. Responsabilidade de Uso

Cando polo uso, disfrute o aproveitamento de calquera dos locais estes sufriran un deterioro ou desperfecto, o suxeito pasivo estará obrigado, sen prexuízo do abono da taxa, a pagar os gastos de reparación.

ARTICULO 7. Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, se estará ao disposto nos artigos 181 y seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Recursos procedentes:

Contra este acordo poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

